



Concello do Grove

PUBLICACIÓN

Poño en coñecemento que a Xunta de Goberno Local, en sesión realizada o **4 de xaneiro de 2019**, adoptou o seguinte acordo:

“-Dáse conta do seguinte informe xurídico co seguinte teor literal:

“INFORME JURÍDICO:

ASUNTO: INSTRUCCIÓN DE APLICACIÓN AL SUELO RÚSTICO, CAMPAMENTOS DE TURISMO
EXPTE: 2097/2018.

Consideraciones Jurídicas:

PRIMERA.- Se emite informe justificativo en relación con la aplicación de la LSG al suelo clasificado como rústico en el término municipal de O Grove a la vista de la Disposición Transitoria 1ª de esta ley.

Aparte de los razonamientos vertidos es pertinente recordar los principios interpretativos recogidos en el derecho común, concretamente en el art.3 del CC y atender al espíritu del legislador trasladado a la exposición de motivos así como la interpretación integradora que aboga la ley, art.6, en caso de conflicto de normas del mismo rango normativo, supuesto que además no se da en nuestro caso ya que confrontamos normativa de diferente rango normativo, reglamento frente a ley, lo que nos traslada asimismo a los principios de jerarquía normativa y temporalidad para afirmar sin ningún tipo de dudas que las condiciones edificatorias y en aquello que haya conflicto de normas tendrá primacía lo dispuesto en la LSG para el suelo rústico frente a lo previsto en el Decreto 208/2002.

SEGUNDO.- Hay que asentar dichos criterios en alguna figura jurídica de carácter vinculante que pueda tener efectos jurídicos frente a terceros y no cabe más que afirmar a la vista del artículo 6 de la Ley 40/2015 de 1 de octubre que estamos ante una instrucción que debe aprobarse por la JGL y además dados los destinatarios y efectos que deriven deberá publicarse en la Sede Electrónicas del Ayuntamiento de O Grove y en su Tablón de Anuncios para general conocimiento conforme dispone el artículo citado y el art. 7 de la Ley 19/2013 de 9 de diciembre.



Concello do Grove

‘INSTRUCCIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE CAMPAMENTOS DE TURISMO EN SOLO RÚSTICO

Á vista das dúbidas que se formulan por parte dos servizos técnicos municipais respecto do tratamento que debe darse ás solicitudes de licenza de campamentos de turismo en solo rústico, e coa finalidade de establecer as pautas de actuación uniformes para informar e resolver as ditas peticións pola oficina de urbanismo, propónse aprobar os criterios que deben seren observados a tal efecto, co carácter de instrución ou orde de servizo ao que se refire o ar 6 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, nos termos seguintes:

1.- O art. 35.1.d da Lei 2/2016 permite a implantación no solo rústico de “campamentos de turismo e instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate”. No mesmo senso, o art. 50.1.d do RLSG.

Acontece que en ocasións, xunto coa implantación das tendas de campaña, bungalows ou similares, preténdese tamén a implantación de construcións, teoricamente destinadas a servizos común do campamento que, malia respectar as condicións de ocupación e alturas do art. 39 LSG, desnaturalizan por completo o significado e alcance do que debería ser unha instalación de tempada, por tratarse de construcións de carácter permanente, de obra de fábrica, destinadas na realidade, a albergar actividades hostaleiras que, polas súas dimensións e características non parecen gardar proporción nin relación coa natureza rústica do solo, de xeito que na realidade, e baixo a denominación de “campamentos”, escóndese a pretensión de construción de tales edificacións como uso principal da actuación.

2.- En relación co anterior debe terse presente que o art. 35.1.o da Lei 2/2016 engade como uso posible no solo rústico as “construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se ubiquen”. Polo tanto, en principio trátase, de por si, dun uso permitido nesta clase de solo.

3.- Agora ben, tanto o art. 36.4 da LSG como o art. 51.4 RLSG, establecen que a implantación de tales construcións requirirá a aprobación dun Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións, dos regulados no art. 73 da mesma Lei.

A tramitación de tal instrumento de planeamento resulta necesaria para resolver toda a problemática que se deriva da implantación de tales actuacións no solo rústico, establecendo as medidas necesarias para a súa acaída integración no territorio, para resolver os problemas que xere no viario e para establecer as medidas de protección necesarias que minimicen a súa incidencia no solo rústico, nomeadamente dende o punto de vista paisaxístico.



Concello do Grove

Tamén para xustificar que as ditas edificacións de carácter permanente destinadas a servizos común, tal e como esixen os arts. 35.1.d LSG e 50.1.d RLSG, son as mínimas imprescindibles para uso do que se trate.

CONCLUSIÓN.- Para autorizar a implantación de campamentos de turismo en solo rústico debe distinguirse aqueles que unicamente pretenden a instalación de elementos desmontables de aqueles outros que pretenden a construción de espazos común permanentes a base de obra de fábrica, e non desmontables. Para autorizar a implantación de tales construcións neste segundo caso, o Concello haberá de esixir a previa tramitación e aprobación dun Plan Especial, dos previstos no art. 73 da LSG en relación co art. 36.4 da mesma lei, e concordantes do seu Regulamento, coa finalidade de resolver toda a problemática que se deriva da implantación de tales actuacións no solo rústico, establecendo as medidas necesarias para a súa acaída integración no territorio, resolver os problemas que xere no viario, establecer as medidas de protección necesarias que minimicen a súa incidencia no solo rústico, nomeadamente dende o punto de vista paisaxístico, e xustificar que as ditas edificacións de carácter permanente destinadas a servizos común, tal e como esixen os arts. 35.1.d LSG e 50.1.d RLSG, son as mínimas imprescindibles para uso do que se trate.’

Es por lo que se informa favorablemente dichos criterios de interpretación para su elevación a la JGL para su aprobación y posterior difusión mediante información activa.

El Secretario

Francisco Javier Novoa Juiz.”

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1. Aprobar a citada instrución para a autorización de campamentos de turismo en solo rústico.**
- 2. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados.**
- 3. Darlle publicidade na sede electrónica do Concello Grove así como na páxina web oficial.”**

O Grove, data e sinatura dixital

A secretaria acctal.

M.^a del Carmen Meis Domínguez